

Mércores, 18 de setembro de 2024

Núm. 182

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**PORRIÑO, O****Persoal, oposicións**

*CORRECCIÓN ERROS COMETIDOS NA BASE 10ª DAS BASES DA CONVOCATORIA DA OPOSICIÓN PARA COBERTURA DEFINITIVA DE 3 PRAZAS DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS SUBGRUPO C2 DA OEP/2024*

**ANUNCIO CORRECCIÓN ERROS**

Mediante resolución de alcaldía núm. 2024-2583 de data 03/09/2024, que se transcribe a continuación, RECTIFÍCANSE de oficio erros cometidos na base 10ª das BASES DA CONVOCATORIA DA OPOSICIÓN PARA COBERTURA DEFINITIVA DE 3 PRAZAS DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS SUBGRUPO C2 DA OEP/2024, publicadas no BOPPO nº 127 de 01/07/2024.

“DECRETO DE MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO, (PONTEVEDRA).

*Expediente núm.: 3385/2024.*

Visto que no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 127 de 01/07/2024 publicouse o Decreto desta Alcaldía núm. 2024-1818, de data 14/06/2024, polo que se resolveu aprobar as bases da convocatoria do proceso selectivo para cubrir definitivamente, tres prazas vacantes da plantilla de auxiliar administrativo da escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C, subgrupo C2, reservadas a funcionarios de carreira, incluídas na Oferta Pública de Emprego do ano 2024.

Visto que a fórmula do cálculo da nota do 1º exercicio tipo test, establecida na Base 10 probas de oposición, contén un erro material a o contemplar no denominador de B+C un 5 e vez de un 3 que o que corresponde de conformidade co texto que di: “Neste exercicio cada resposta incorrecta ou non contestada penalizará un terzo da puntuación que lle corresponda a unha pregunta acertada.” e a demais na citada publicación saíu mal configurada dita fórmula pois o número 5 está desprazado a esquerda cando debía de esta debaixo de B+C, e a letra D tamén está desprazada a esquerda debendo estar debaixo do número 10, polo tanto a formula correcta é a seguinte:

$$Nota = \left( A - \frac{B+C}{3} \right) \cdot \frac{10}{D}$$

Concello do Porriño  
**TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES**

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 18-09-2024

Data final de exposición: 18-11-2024

O Porriño, a de de

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:5W6R95LYTQ6L8UC2



Mércores, 18 de setembro de 2024

Núm. 182

Considerando que o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, establece que as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes no seus actos.

Esta Alcaldía de conformidade co precepto citado e en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.1 g) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, 24.d) do RDL 781/1986, de 18 de abril e 41.14 do ROF,

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Rectificar de oficio os erros anteriormente indicados quedando a fórmula do cálculo da nota do 1º exercicio tipo test, establecida na Base 10 probas de oposición do seguinte xeito:

$$Nota = \left( A - \frac{B+C}{3} \right) \cdot \frac{10}{D}$$

SEGUNDO.-Manter en todos os seus termos a citada base 10ª, agás no que se corrixe nesta resolución.

TERCEIRO.- A presente resolución publicarase no BOPPO, no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org)."

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:5W6R95L.YTQ6L8UCZ

